

## LUGARES DE INTERESE

A menos de 20 kms:

### - **Suarbol**

Situado a 3 km. de piornedo, é o primeiro lugar da provincia de León. Ten unha igrexa románica con arcadas, bastante meritoria, e constitúe un dos conxuntos arquitectónicos mais interesantes da serra.

Din que se chama así porque cando o pobo estaba na Cespedosa á santa dáballle por escapar da igrexa e vir pousarse a unha arbore que había neste lugar, que daquela se chamaba Entrambas Aguas (porque cruzan o lugar dous

regatos), volvíana a levar á igrexa e, unha vez tras doutra, volví a escapar... Finalmente decidiron cambiar o pobo de sitio e chamáronlle Suarbol. Na década dos 50 Suarbol ardeu case por completo, por eso nun ten pallozas, reconstruíuse con casas de lousa. De paso que damos un paseo polos recunchos da pequena aldea podemos buscar a casa de Cadenas, que ten tallas antigas e interesantes na fachada, relacionados coa fecundidade.

#### **- O porto de Ancares. (1670 m.)**

Atopámolo de camiño cara a Ponferrada, despois de pasar Suarbol e a Cespedosa. Nos días claros hai que baixarse do coche e botarlle un vistazo aos vales de Balouta, suarbol e Ancares. Ademais é un sitio axeitado para disfrutar da neve sen andar moito porque a estrada ten unha altitude considerable.

#### **- Balouta**

A 15 Km aprox. de Piornedo

Balouta é outro dos lugares que cómpre ver na serra de Ancares. Un núcleo compacto como todos os da alta montaña, que tiña moitas pallozas (para mostra as fotografías de mediados do século pasado que se expoñen no único bar do lugar), cos anos o pobo sufriu un importante deterioro debido á destrución de varias pallozas e tamén á construción de casas pouco acordes coa tipoloxía da zona...

#### **- A aula da natureza de Ancares**

Está situada na Campa do Fieiro, a uns 19 km. de Piornedo, a carón do Albergue do Clube Ancares (na campá da braña hai que coller á esquerda, cara a Tres Bispos).

Ofrece información sobre a Serra: fauna, flora e etnografía e tamén sobre algunhas actividades que se poden realizar.

#### **- A igrexa de Donís**

A uns 3 km. de Piornedo

Para chegar á igrexa hai que meterse polo medio do pobo de Donís (despois da casa de Naipes á dereita) con coidado porque os camiños son estreitos e hai un cacho de pista sen asfaltar. Pódese deixar o coche na estrada e baixar andando, pouco mais dun km.

O pobo de Donís, hoxe bastante abandonado, tivo un pasado interesante como se pode ver en algunhas casas: cuarto de Naipes, casa da Casoa (escudo brasonado da familia Grajal, que ostentou o señorío de Cervantes)...

A igrexa está soa, no medio da parroquia e avistase dende case todos os pobos da mesma. É unha edificación sobria, unha catedral en plena montaña, de pedra de granito ben traballada.

Ten un ábside central e capelas laterais, foi restaurada recentemente e sacaron á luz interesantes pinturas murais que datan do século XVI; Permanece pechada agás cando hai culto.

No campo tiñan lugar as feiras de Donís, o terceiro domingo de cada mes, poñían ata catro cantinas no campo e a xente, ademais de tratar, pasaba un día agradable.

Desde a igrexa de Donís hai camiños que levan a todos os pobos da parroquia; Son sendas de cabalo ou de andar que conservan o sabor do pasado, recomendamos a de Castelo porque nos vai permitir ven unha ponte romana, a ponte de Castelo.

### **- Pandozarco**

Era o que chamamos unha alzada: un pobo con casas mais pequenas ao que os veciños se desprazaban cos ganados durante o verán.

Pandozarco era a alzada dos veciños de Murias de Rao, en Navia de Suarna. Dista 15 km. de Piornedo e para chegar collese no alto da Cespedosa ( xusto antes do cruce de Balouta) unha estrada á man esquerda.

Polo seu emprazamento, preto da Pena de Murias e polas vistas é un lugar digno de visitar, pero ao longo do tempo foi perdendo parte do seu atractivo: as construcións orixinais eran pallozas (a que mais tempo se conservou foi a do Pito), mais pequenas que as dos poboados habitados todo o ano; Aínda se poden ver algunhas paredes circulares que se cubriron con outros materiais.

### A Mais de 20 kms

### **- O castro de Cervantes**

Polo emprazamento e pola denominación xa había indicios da existencia dun castro na parroquia do Castro, a evidencia chegou cando se melloraron os accesos á igrexa e apareceron muros, laxes...

O castro foi escavado parcialmente e descubriuse un poboado de casas xuntas provistas de lareiras e algunhas de pequenos fornos, con paredes de lousa ben traballada e canais entre as casas para evacuar a auga.

Este é un castro datado na época romana, estaba ocupado por mineiros especializados na extracción aurífera, que tanto interese tiña para o imperio, polo que non tiña espazos destinados a actividades agrícolas ou gandeiras e estaba rodeado por un foxo de auga. Estivo habitado dende o ano 50 a. C. ata o século II d.C.

### **- A Torre de Quindous.**

A uns 20 km. de Piornedo

En Quindous temos que ver a torre fortaleza que pertenceu á dinastía dos señores de Quindós, fundada no século XV por Don Paio Quindós, e herdada por Don Suero Fernández Quindós que preiteou con Don Pedro Osorio, señor de Cervantes. O apelido deu nome á casa e á parroquia.

O pazo ten planta rectangular, con dúas torres cilíndricas que flanquean a porta principal sobre a que se exhibe o escudo heráldico. Ten un aspecto sobrio, con pequenas ventás e múltiples troneiras nas caras posteriores do edificio, e posúe un amplo patio interior de servizo formado polas catro caras habitables do edificio.

A torre é propiedade privada, non se pode visitar o seu interior e o seu grao de deterioro avanza desde que non se habita, pero aínda conserva algunhas pinturas murais nas paredes.

A igrexa parroquial estaba unida ao pazo pois foi a capela do mesmo.

### **- Navia de Suarna**

Navia é a vila que temos mais preto, a uns 28 km., e durante moitos anos foi un dos lugares mais importantes nos que comprar e vender. A súa feira era coñecida e frecuentada por tratantes da rodeada e os comercios da vila florecían abastecendo á xente da montaña.

Continúa sendo recomendables para visitar Navia os días de feira (o segundo domingo e o día 29 de cada mes) pois vai moita xente comer o polbo e hai certa animación.

Polo demais Navia merece unha visita e un paseo tranquilo, teñen interese a súa ponte románica, a torre medieval (é privada, está parcialmente habitada e non se pode visitar), algunhas das prazas e recunchos do pobo, as tabernas e o paseo a carón do río.

Para os amantes da pesca este é un lugar privilexiado.

### **- O Castelo de Doiras, Vilarello da Igrexa e San Miguel**

A uns 30km. aprox. de Piornedo

O castelo de Doiras está situado, na parroquia de Vilarello, nun promontorio dende o que se domina todo o Val de Cancelada.

É un interesante e ben conservado castelo medieval, que pertenceu ao Señorío de Cervantes e aos Condes de Grajal.

Data do século XV, ten planta rectangular e dúas torres, unha delas de 16 m. de altura. As altas e grosas paredes de lousa coas que está construído e a súa ubicación convérteno nunha fortaleza case inexpugnable.

Atopase en bastante bo estado de conservación, foi declarado Ben de Interese Cultural no ano 2004 e continúa sendo privado. Permanece algunhas temporadas pechado e outras completamente franco, como se carecera de interese algún.

O castelo de doiras está asociado coa chamada de atención que algúns estudiosos están a facer sobre as orixes de Miguel de Cervantes Saavedra. O que veñen a dicir é que o nome do insigne escritor non é senón unha alegoría ás súas orixes ou ás da súa familia e nesta parroquia aparecen todos os indicios:

- O castelo do señor de Cervantes,

- A casa dos Saavedra, un pazo localizado no lugar de Vilarello da Igrexa, que lucía o escudo de armas dos Saavedra na fachada (foi retirado polos seus propietarios). Actualmente o pazo está dedicado á labranza e atopase bastante deteriorado.

- O lugar de San Miguel, un pobo próximo tamén pertencente á parroquia de Vilarello

## **- Coro de Rao**

É unha pequena aldea que foi restaurada e que mantén un conxunto de construcións bastante harmónico. Está a uns 25 km. de Piornedo e vaise por Balouta ou por Pando Zarco.

É mellor deixar o coche á entrada e ir andando porque os camiños son estreitos e non hai moito onde aparcar, sobre todo no verán.

Ten unha pequena taberna, de sabor tradicional, e pódese dar un paseo agradable ata o río.

Este lugar encerra outros tesouros como a cerámica viva Orballo, o Barullo...